



Documento estrutural básico do Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico 2015-2020



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

Índice

PRÓLOGO.....	1
PRESENTACIÓN	2
ÓRGANO PROMOTOR DO PLAN	2
XUSTIFICACIÓN	3
METODOLOXÍA	4
ALCANCE DO PLAN	5
ENTIDADES IMPLICADAS	5
ACTIVIDADES REALIZADAS.....	6
OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS E OPERATIVOS	6
ÁREAS DE ACTUACIÓN.....	7
MEDIDAS DESEÑADAS (avance do momento actual)	8
CRONOGRAMA DE ELABORACIÓN DO PLAN.....	11
SEGUIMIENTO DO PLAN	12
CONCLUSIÓNS	13

PRÓLOGO

Todo goberno ten, entre as súas obrigas principais, a creación de oportunidades económicas que lle permitan á sociedade progresar mediante a xeración de riqueza. Non obstante, esta actividade baseada na produción, distribución e consumo de bens ou servizos non ten lugar no seo dun espazo baleiro. Á hora de realizar intercambios, o contexto cultural constitúe un factor de primeira orde para que estes contactos económicos entre os diferentes pobos cheguen a unha conclusión satisfactoria para os seus protagonistas.

Do mesmo xeito, no caso das sociedades que posúen características culturais específicas, as institucións públicas teñen o deber de velar pola súa viabilidade, procurando atopar para tal fin a mellor maneira de conectalas co seu contorno, e mesmo utilizándoas, de ser posible, como vehículo para obter un mellor rendemento socioeconómico das interaccións co exterior. Este constitúe o mellor modo, ao noso xuízo, de asegurar que os intercambios e contactos con outras culturas distintas non poñan en perigo a supervivencia da propia, permitindo que a sociedade interiorice a necesidade de preservar a súa identidade, non como resultado dunha imposición ideolóxica, senón como froito dunha evidencia económica, dun beneficio compartido polo conxunto da comunidade. A cultura entendida non como elemento distanciador ou separador, senón como chave que permita a unión ou a relación enriquecedora con outros pobos: velaí unha vía non conflitiva que posúe a virtude de incrementar o apego da sociedade pola utilidade da súa propia cultura.

No caso concreto de Galicia, a súa rica cultura vertébrase nunha boa medida arredor dun idioma propio, o galego, que dispón dun pasado de xustifico orgullo. Emporiso, os recentes resultados ofrecidos polo Instituto Galego de Estatística, no marco da Enquisa de condicións de vida das familias correspondente ao ano 2013, serviron para ilustrar o problema central que enfrenta nos nosos días a lingua galega: a quebra da transmisión xeracional. Sexa cal sexa a orixe ou os motivos do problema, é preciso constatar a importancia dos datos reflectidos nese estudo, e adoptar, en consecuencia, unha resposta o máis consensuada posible para enfrontarnos aos desafíos que del se desprenden e garantir, cun traballo compartido, a confianza plena do seu futuro.

Por esta razón, o Goberno galego considera necesario xuntar dous deberes: dunha parte, a creación de maiores oportunidades económicas e, doutra, velar pola viabilidade do noso idioma. Con tal intención, propónse elaborar un Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico para o período comprendido entre os anos 2015 e 2020.

PRESENTACIÓN

Este documento constitúe un informe executivo que resume o avance da elaboración do próximo Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico 2015-2020 e informa do inicio da súa tramitación.

Esta iniciativa xorde no marco do desenvolvemento do Plan xeral de normalización da lingua galega (PXNLG) e ocúpase do apartado deste referido ao ámbito económico, recollido como sector 4. Economía.

Así pois, este plan de dinamización nace coa orientación de aproveitar os esforzos xa realizados no PXNLG e de afondar na súa concreción, no seu nivel de detalle e na súa posta en práctica, o que esixe a súa adaptación ao contexto actual no que estamos inmersos.

ÓRGANO PROMOTOR DO PLAN

A Secretaría Xeral de Política Lingüística (en diante, SXPL) é o órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de promoción e ensino da lingua galega e de dirección, planificación, coordinación e execución da política lingüística da Xunta de Galicia, e ten como obxectivos impulsar o desenvolvemento e a aplicación da lexislación derivada do artigo 5 do Estatuto de autonomía de Galicia.

Entre outras, ten encomendadas as seguintes funcións:

- a) Promover, impulsar e elaborar propostas legislativas e regulamentarias que potencien a normalización lingüística e o fomento do uso da lingua galega.
- b) Programar e desenvolver medidas para o fomento do uso do idioma galego nos diferentes eidos sociais e económicos de Galicia, co fin de incrementar a dispoñibilidade de produtos e servizos en galego.
- c) Planificar e desenvolver campañas e medidas de fomento do uso, coñecemento e difusión do galego dentro e fóra do territorio lingüístico galego.
- d) Promover, coordinar e desenvolver a política de investigación que favoreza a normalización lingüística nas súas diferentes manifestacións, especialmente no eido do léxico e da terminoloxía.
- e) Emitir informe sobre os proxectos de disposicións normativas de carácter xeral que promovan os departamentos da Xunta de Galicia sobre a normalización do uso do galego ou sobre a política lingüística en xeral.
- f) Promover o diálogo, a cooperación e a colaboración con outras institucións competentes en materia de política lingüística.

Estas funcións que, entre outras, ten atribuídas xustifican a posta en marcha por parte da SXPL deste plan que pretende incrementar a presenza do galego no ámbito económico. Moitas das medidas que nel se propoñen enlazan directamente con estas funcións e avalan este departamento na súa intención de levalas a cabo, xa que é o órgano coas competencias en materia de lingua. Isto non significa que sexa o único ente implicado na súa aplicación, posto que todas as consellerías colaborarán para conseguir o éxito do plan. Trátase, pois, dun proxecto unitario da Xunta de Galicia no que todo o Goberno galego estará implicado.

XUSTIFICACIÓN

O impulso deste plan por parte da SXPL reponde á necesidade de poñer en práctica moitas das funcións que ten encomendadas e que, no caso concreto do ámbito económico, aparecen recollidas no punto b) (programar e desenvolver medidas para o fomento do uso do idioma galego nos diferentes eidos sociais e económicos de Galicia, co fin de incrementar a dispoñibilidade de produtos e servizos en galego). É este, xa que logo, un sector citado explicitamente, o que demostra a súa importancia á hora de poñer en marcha medidas de dinamización lingüística por tratarse dun ámbito estratéxico.

Ademais, o propio PXNLG reflicte a dificultade do sector da economía, tanto para facer unha diagnose sectorial como para artellar medidas de actuación efectivas, polo que resulta de interese para poñer en marcha medidas que revertan esta situación.

Por outra banda, a lingua galega atópase na actualidade nunha situación que non deixa de resultar paradoxal. Como demostran os datos publicados en decembro de 2014 polo Instituto Galego de Estatística (IGE) na súa Enquisa de condición de vida das familias do ano 2013, aumentou o número de persoas que di ter un grao alto de coñecemento oral e escrito do galego e case a totalidade da poboación afirma entender esta lingua. Aínda así, cómpre adoptar medidas positivas que reforcen o seu uso e incidir dun xeito especial nos sectores nos que tradicionalmente a lingua galega estivo máis ausente.

Neste contexto, a vontade da Administración autonómica é achegarse ás empresas que desenvolven a súa actividade en Galicia e, dentro desta vontade, impulsar e fomentar o emprego da lingua galega nas súas actividades en sentido amplo, xa que esta constitúe un dos principais factores de identidade e diferenciación que as empresas poden explotar á hora de vender os seus produtos ou servizos.

Así pois, coa elaboración deste plan o que se pretende é que, ao aumentar a presenza do galego no ámbito económico, isto sirva de efecto multiplicador no resto da poboación, xa que se trata dun sector fundamental no funcionamento das sociedades

modernas e de grande influencia e prestixio no mundo de hoxe. Sen dúbida, un incremento no uso desta lingua nas empresas axudará ao seu impulso tamén no resto dos sectores cos que se relaciona e, polo tanto, na súa visibilidade en todos os ámbitos.

METODOLOXÍA

A elaboración do próximo Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico 2015-2020 realízase tendo en conta os seguintes factores principais:

- Considerar o **PXNLG como o marco de referencia** idóneo para encadrar o desenvolvemento do plan de dinamización nas empresas.
- Considerar que é un **plan da Xunta de Galicia no seu conxunto**, polo que prevé a participación activa de todas as consellerías e entidades públicas que teñan competencias ou leven a cabo actividades coas empresas, as cales deben considerarse involucradas e ser pro-activas na súa participación no desenvolvemento das medidas e na consecución de resultados e obxectivos.
- Considerar, así mesmo, que este plan **incluírá medidas conducentes á promoción do galego no sector económico por parte doutras administracións públicas** (a local e mesmo a estatal radicada no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia).
- Configurar un **proceso de participación** coas entidades que xa habitualmente desenvolven actuacións en temas de lingua no eido das empresas e tamén coas entidades que poden cooperar activamente no desenvolvemento de actuacións deseñadas no plan.

Intencionadamente, o plan proxectado está centrado nos aspectos prácticos relacionados coas medidas que se queren desenvolver (obxectivos, directrices, actividades e tarefas, indicadores, responsables e colaboradores, planificación temporal etc.) e deixa de afondar nos aspectos máis formais (situación actual, diagnóstico, puntos fortes e febles etc.), que xa se recollen no PXNLG e noutros estudos. Propóñense nel unhas actuacións moi prácticas, viables economicamente, tendo en conta o contexto económico actual.

Baixo este esquema, o desenvolvemento do plan segue as seguintes etapas:

1. Fase preliminar: creación da Comisión Técnica de redacción, coordinación e apoio ao desenvolvemento do plan.
2. Realización dun informe inicial explicativo das actuacións desenvolvidas para poñer en marcha o plan, que se presentou no Consello da Xunta de Galicia o pasado 19 de marzo.

3. Recollida das achegas das entidades que colaboren no proceso de participación na elaboración do plan: órganos dependentes da Xunta de Galicia e outras entidades do seu sector público, Administración local e outros axentes do tecido empresarial de base asociativa ou fundacional e, mesmo, da cidadanía en xeral como potenciais consumidores ou clientes interesados.
4. Creación dunha comisión participativa con entidades do sector empresarial.
5. Análise das achegas recollidas e incorporación destas ao plan.
6. Redacción consolidada do plan.
7. Participación dos grupos parlamentarios.
8. Validación do plan por parte da Real Academia Galega, o Consello da Cultura Galega e a Xunta de Galicia.
9. Aprobación do plan.
10. Execución das accións do plan.
11. Seguimento e control do plan.

ALCANCE DO PLAN

O plan de dinamización terá un alcance temporal desde o momento actual ata o ano 2020. Este prazo temporal estímase axeitado para que as empresas introduzan o idioma galego e desenvolvan actuacións cara á súa normalización dentro das súas previsións e programas de actuación.

Por outra banda, como xa se comentou, o plan céntrase no sector 4 do PXNLG principalmente, o que non implica que, en certas ocasións, se propoñan medidas que poden afectar outros sectores que están tamén relacionados co ámbito empresarial.

ENTIDADES IMPLICADAS

A dinamización da lingua galega no sector da economía debe ser principalmente responsabilidade das administracións públicas con competencias directas neste ámbito. Porén, neste proceso de dinamización convén buscar a implicación e a participación activa das propias empresas e entidades empresariais, as cales deben ser conscientes da súa responsabilidade social no uso normalizado do galego nas súas actividades empresariais ordinarias, sen esquecer que tamén haberán de apoiar a realización de actuacións dinamizadoras con este obxectivo de normalización da lingua.

Así pois, as principais entidades (públicas e privadas) que poden e deben estar implicadas nas actividades de dinamización da lingua galega no sector da economía son as seguintes:

- A Administracións pública autonómica
- O resto das administracións e entidades públicas (como, por exemplo, as universidades)
- As empresas (públicas e privadas)
- Asociacións e outras entidades empresariais (fundacións, centros de formación etc.)
- Outras entidades e colectivos que teñen relacións coas empresas
- Colectivos e persoas individuais sensibilizadas coa problemática da lingua

ACTIVIDADES REALIZADAS

Para levar a cabo o deseño do próximo Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico 2015-2020, creouse unha comisión técnica de redacción e coordinación, encargada de deseñar inicialmente un catálogo de medidas para desenvolver.

Ata o momento, a Comisión Técnica levou a cabo as seguintes actividades: constitución e posta en marcha do plan (natureza xurídica, obxectivos, metodoloxía e calendario de traballo); realización dunha selección de obxectivos, directrices e medidas do PXNLG; revisión da caracterización das empresas obxectivo do plan e selección e valoración das actuacións para incluílas no informe inicial do plan.

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS E OPERATIVOS

O plan estruturase a partir de catro obxectivos estratéxicos principais que se descompoñen en varios obxectivos operativos.

Obxectivos estratéxicos:

- Crear conciencia de que o uso do galego **favorece os resultados e obxectivos empresariais** e as relacións laborais, comerciais e bancarias.
- **Estender o uso da lingua galega** no ámbito económico nas relacións laborais, comerciais e empresariais.
- **Fomentar nos clientes e consumidores** o hábito de usaren e reclamaren a atención comercial en galego.
- Estimular a creación e mantemento dunha **demanda real e efectiva de produtos en galego**.

Obxectivos operativos:

- Evidenciar que o uso do galego é un importante factor de calidade no trato e na relación coa clientela.

- Facer visible as vantaxes que pode supoñer o emprego do galego tanto para a empresa individual (proximidade, diferenciación, innovación etc.) como para o conxunto socioeconómico.
- Promover decididamente o establecemento da oferta positiva nas relacións coa clientela.
- Facer visible o uso do galego nas actividades empresariais de uso cotián.
- Crear unha dinámica de desenvolvemento crecente de actuacións a prol da lingua no sector da economía, que sexa sostible a medio e longo prazo. Amosar estas actuacións, os seus actores e os seus resultados.
- Implicar as propias empresas e entidades empresariais no desenvolvemento de actuacións a prol da lingua galega.
- Establecer unha dinámica de participación e coordinación das empresas e entidades (privadas e públicas) que están a traballar a prol do galego. Apoialas decididamente e recoñecer o seu traballo.
- Contribuír dende as administracións públicas á promoción da lingua galega nas relacións contractuais, de tal forma que a contratación pública inspire un modelo de boas prácticas para normalizar un uso cotián do galego na documentación interna e externa que xera.

ÁREAS DE ACTUACIÓN

O plan establecerá áreas de actuación a partir das cinco áreas en que se divide o devandito sector 4 no PXNL: industria, comercio, cooperativismo, banca e traballo. A estas áreas iniciais propostas polo PXNLG engadíronselles outras que se consideraron de interese para actuar nelas pola súa incidencia e a súa influencia na sociedade actual. Finalmente, as áreas adicionais elixidas foron as seguintes: hostalería e restauración, industria alimentaria, entidades intermedias (xestorías, asesorías, despachos de avogados, inmobiliarias, administración de comunidades de propietarios...), publicidade e outras actividades. Nomeadamente, definiranse as seguintes áreas:

- Industria
- Comercio
- Banca
- Hostalería e restauración
- Alimentación
- Entidades intermedias/servizos empresariais
- Axencias de publicidade
- Cooperativismo
- Traballo

- Outras actividades de especial relevancia (tecnolóxicas, culturais, audiovisuais...)

En función destes ámbitos, deseñáronse medidas específicas para cada un deles e tamén medidas transversais aplicables a todos eles. A continuación, no seguinte cadro, móstrase algún exemplo:

ACTUACIÓNS TRANSVERSAIS							
<ul style="list-style-type: none"> ▶ Apoio á creación dunha rede de empresas para o fomento do galego. ▶ Colaboración e coordinación entidades e organismos públicos. ▶ Actividades de promoción nos medios de comunicación para o reforzamento do galego no ámbito socioeconómico. 				<ul style="list-style-type: none"> ▶ Promoción do galego na etiquetaxe. ▶ Accións no marco da lingua e a RSE. ▶ Bases terminolóxicas para as diferentes ramas profesionais. ▶ Decálogo de vantaxes a prol do galego na empresa. ▶ Apoio a colectivos que traducen software para empresas. 			
ACTUACIÓNS POR ÁREAS DE ACTIVIDADE							
HOSTALERÍA	COMERCIO	ALIMENTACIÓN	BANCA	XESTORÍAS E ASESORÍAS, ASEGURADORAS ETC.	AXENCIAS DE PUBLICIDADE	ÁREA DE TRABALLO	COOPERATIVISMO
<ul style="list-style-type: none"> • Actividades de información sobre a importancia do galego como lingua vehicular con clientes. • Elaboración de materiais e ferramentas de apoio. • Promoción do galego na imaxe e na comunicación de bares e restaurantes. • Colaboración con entidades hostelais do sector turístico vinculadas ao Camiño de Santiago. 	<ul style="list-style-type: none"> • Difusión da importancia de utilizar o galego como lingua vehicular con clientes. • Actividades de comunicación para promover o uso do galego no pequeno comercio. • Actividades de comunicación estacionais 	<ul style="list-style-type: none"> • Promoción da etiquetaxe en galego delgún subsector estratéxico ou prioritario. • Promoción nos medios de comunicación dos produtos alimentarios de calidade. • Contacto/convenio, a través do Consello Galego de Cooperativas. • Colaboración con entidades xestoras da calidade. 	<ul style="list-style-type: none"> • Acordo coas principais entidades bancarias. • Elaboración de carteis para as sucursais. • Colaboración coas fundacións das entidades bancarias de Galicia. 	<ul style="list-style-type: none"> • Web con recursos específicos. • Colaboración cos colexios profesionais deste sector. 	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades informativas destacando a posibilidade de facer a publicidade en galego. • Colaboración en premios. 	<ul style="list-style-type: none"> • Acordo específico no diálogo social de promoción do galego. • Actividades formativas para que o persoal poida desenvolver a súa actividade en galego. 	<ul style="list-style-type: none"> • Impulso do uso do galego como lingua corporativa.

MEDIDAS DESEÑADAS (avance do momento actual)

A continuación, enumérase unha listaxe dalgunhas actuacións que se están a analizar (71 na actualidade) e que serán seleccionadas para a súa incorporación ao plan. Primeiramente, inclúense as actuacións transversais ou xerais que son válidas para o conxunto das empresas e, posteriormente, ofrécese actuacións específicas para áreas económicas concretas de especial interese.

Medidas transversais

- Apoio á creación dunha rede de empresas para o fomento do galego
- Colaboración e coordinación con entidades e organismos públicos
- Colaboración con entidades asociativas para apoialas e promover actividades

- Visibilidade do emprego da lingua galega a través da publicidade e a sinalización interna e externa das empresas e as áreas comerciais
- Promoción e posta en valor das vantaxes do galego como lingua que lle abre as portas á lusofonía
- Actividades informativas para visibilizar as potencialidades do galego como lingua internacional de negocios
- Actividades de promoción nos medios de comunicación para o reforzamento do galego no ámbito socioeconómico
- Actividades para instituír o Día da Galegidade Empresarial coa finalidade de crear unha referencia cronolóxica importante para conmemorar o uso do galego nas empresas
- Promoción do galego na etiquetaxe
- Establecemento dun proceso de participación para recoller propostas de dinamización
- Accións de promoción da lingua no marco da responsabilidade social empresarial (RSE)
- Bases terminolóxicas para as diferentes ramas profesionais
- Decálogo de vantaxes a prol do galego na empresa
- Guía de boas prácticas/casos
- Certificados/selos
- Apoio a colectivos que traducen software para empresas
- Servizo de apoio á xestión de contidos nas webs e nas redes sociais
- Punto de atención á empresa en temas de lingua

Hostalería

- Actividades de información sobre a importancia do galego como lingua vehicular con clientes
- Deseño de materiais de uso do cliente en galego
- Elaboración de materiais e ferramentas de apoio
- Promoción do galego na imaxe e na comunicación de bares e restaurantes
- Actividades de difusión do galego específicas en datas sinaladas
- Web con recursos lingüísticos específicos para o ámbito da hostalería
- Promoción da creación de grupos de bares e restaurantes que usan o galego
- Apoio á galeguización das webs das empresas de referencia/tractoras
- Aplicacións TIC (apps ou servizos web) de menús ou outras utilidades prácticas
- Colaboración con entidades hostaleiras do sector turístico vinculadas ao Camiño de Santiago

Comercio

- Difusión da importancia de utilizar o galego como lingua vehicular con clientes

- Deseño de materiais de uso polo cliente en galego
- Actividades de comunicación para promover o uso do galego no pequeno comercio
- Actividades de comunicación estacionais
- Premios de recoñecemento
- Web con recursos específicos
- Promoción da creación de grupos que usan o galego na súa actividade
- Achegamento ás grandes marcas para normalizar o galego

Alimentación

- Promoción da etiquetaxe en galego dalgún subsector estratéxico ou prioritario
- Premios de recoñecemento
- Creación de web con empresas da industria alimentaria
- Promoción nos medios de comunicación dos produtos alimentarios de calidade
- Contacto/convenio a través do Consello Galego de Cooperativas
- Editar un catálogo plurilingüe de produtos galegos
- Colaboración con entidades xestoras da calidade

Banca

- Acordo coas principais entidades bancarias
- Elaboración de carteis para as sucursais
- Colaboración coas fundacións das entidades bancarias de Galicia

Xestorías e asesorías, aseguradoras etc.

- Web con recursos específicos
- Carteis que informen do dereito a expresarse oralmente ou por escrito en galego
- Colaboración cos colexios profesionais deste sector
- Motivación ás xestorías para que os escritos ás cooperativas e ás sociedades agrarias de transformación (SAT) estean en galego

Axencias de publicidade

- Actividades informativas que salienten a posibilidade de facer a publicidade en galego
- Colaboración en premios

Outras actividades

- Campaña de promoción do uso da lingua no transporte de viaxeiros
- Elaboración de materiais turísticos en galego
- Elaboración de materiais turísticos sobre Galicia en lingua galega
- Edición de folletos turísticos para empregar en conversas básicas

Área de traballo

- Acordo específico no diálogo social de promoción do galego
- Valoración do coñecemento do galego nos procesos de selección de persoal
- Promoción da redacción da documentación interna e externa das empresas en galego (orxamentos, follas de pedido, albarás, nóminas e outros)
- Actividades formativas para que o persoal poida desenvolver a súa actividade en galego

Cooperativismo

- Impulso do uso do galego como lingua corporativa

CRONOGRAMA DE ELABORACIÓN DO PLAN

Cuberta xa a primeira fase e gran parte da segunda fase para a elaboración da versión inicial do plan, na terceira desenvolverase unha actividade fundamental que será a consulta coas entidades e demais axentes implicados neste sector, que realizarán achegas e participarán activamente na súa execución. Este trámite resulta esencial para garantir o carácter colaborativo e consensuado do plan.

Nesta fase de consulta enviaráselles un cuestionario ás seguintes organizacións:

- Órganos da Xunta de Galicia e outras entidades do seu sector público
- Administración local: concellos, deputacións e Fegamp
- Outras entidades que traballan en temas de lingua e empresa

Con este cuestionario preténdese que as entidades fagan as súas propostas de actuación e tamén informen das actividades que xa están poñendo en práctica ou teñen previstas en relación coa promoción da lingua galega na súa organización.

Está previsto que a fase de consultas finalice no segundo trimestre deste ano. Unha vez consultados todos os axentes implicados, a Comisión Técnica recollerá as achegas que considere pertinentes e que serán sometidas á deliberación dunha comisión participativa, na que se dará entrada a entidades privadas do sector empresarial para que tamén fagan as súas achegas. Logo deste trámite, abrirase un proceso que faga posible a participación dos grupos parlamentarios coa finalidade de que teñan presenza activa no desenvolvemento do plan en representación da sociedade galega.

Finalizado o proceso de consultas, analizaranse todas as achegas e incorporaranse, cando proceda, á versión definitiva do plan, no que se detallarán as medidas que se van desenvolver acompañadas da súa planificación temporal así como dunha memoria económica.

Antes da súa aprobación definitiva, o plan deberá ser validado pola Comisión Institucional, composta por representantes da Real Academia Galega, o Consello da Cultura Galega e a Xunta de Galicia, e na que un membro da Comisión Técnica actuará como secretario.

Está previsto que o plan se presente ao Consello da Xunta para a súa aprobación no terceiro trimestre do ano 2015.

Logo da súa aprobación, comezaranse a executar as actuacións planificadas para o ano 2015 e, como parte do seguimento e o control, a final de ano avaliarase o grao de avance na execución.

Fases	\ Meses	Dec	Xan	Feb	Mar	Abr	Mai	Xuñ	Xull
Elaboración do plan									
F1. Creación da Comisión Técnica									
F2. Realización dunha versión inicial do plan									
F3. Recollida de achegas dos colaboradores									
F4. Creación da Comisión Participativa									
F5. Análise das achegas e incorporación ao plan									
F6. Redacción consolidada do plan									
F7. Participación dos grupos parlamentarios									
F8. Validación do plan									
F9. Aprobación do plan									

SEGUIMENTO DO PLAN

O seguimento do plan levarase a cabo no marco do Observatorio da Lingua Galega, mediante a creación dunha comisión de seguimento integrada por representantes tanto da Secretaría Xeral de Política Lingüística como das consellerías e do resto das entidades involucradas no desenvolvemento anual para que, ao longo do último trimestre de cada ano, presente o plan concreto de actividades que asegurarán a posta en marcha das medidas.

A Comisión de Seguimento estará integrada inicialmente por:

- Dous representantes da Secretaría Xeral de Política Lingüística
- Un representante da Real Academia Galega
- Un representante do Consello da Cultura Galega
- Un representante da Federación Galega de Municipios e Provincias
- Un representante do Sistema Universitario de Galicia
- Dous representantes da Consellería de Economía e Industria
- Un representante da Axencia Galega de Turismo
- Un representante da Fundación Abanca
- Un representante do Consello Galego de Cooperativas
- Un representante das cámaras de comercio

- Un representante da Confederación de Empresarios de Galicia
- Un representante da Consellería de Traballo e Benestar

De xeito puntual, a comisión de seguimento poderá incorporar novas entidades para asegurar a concreción e a posta en marcha de actividades específicas.

O Observatorio da Lingua Galega anualmente emitirá un informe que avalíe o grao de avance do plan e propoña medidas correctoras, no caso de que sexa pertinente.

CONCLUSIÓNS

Este plan está concibido para converterse nun instrumento para a dinamización da lingua galega no ámbito económico, e tomará como marco o establecido no sector 4 do PXNLG.

Para garantir o seu éxito, preténdese que sexa un plan participativo, práctico e realista, no que se implique o tecido empresarial de Galicia, que vexa neste documento unha oportunidade de mellora do seu negocio.

O que se pretende é mostrarlle ao sector que a adopción do galego, como lingua maioritaria na nosa comunidade, representa un factor positivo de calidade, proximidade e diferenciación. Cómpre facerlles ver ás empresas que a lingua galega, e o plurilingüismo en xeral, achega numerosos beneficios e pode xerar un valor engadido aos seus produtos e servizos.

Ademais, e igual que acontece co respecto ao medio natural ou as medidas sociais, o galego pode converterse nun elemento máis da responsabilidade social das empresas.

Así mesmo, este é un plan no que, ademais da Secretaría Xeral de Política Lingüística, deben implicarse diferentes consellerías da Xunta de Galicia. Un traballo conxunto entre elas redundará nun maior impulso e nun maior éxito na aplicación das medidas que se deseñen.

Como consecuencia da planificación realizada, agárdanse obter, en primeiro lugar, os resultados esperados da execución das actuacións previstas e, en segundo lugar, uns indicadores cada vez máis positivos sobre o uso da lingua galega nas empresas. Porén, o resultado máis ambicioso é avanzar no establecemento dunha dinámica sostible de actuacións e responsabilidades a prol dunha presenza normalizada da lingua galega no eido económico.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística